



## Certificado

**M<sup>a</sup> Pilar Cela Alvarez**, secretaria accidental do Concello de **Oleiros** (A Coruña).-

### **CERTIFICO:**

Que na sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local que tivo lugar o día 28 de novembro de 2023, adoptouse o acordo seguinte:

**“Punto 5.- Adopción de acordo en orde á concesión de subvencións directas ás ANPAs que xestionan comedores escolares nos centros educativos públicos para a rebaixa do custe do comedor ás familias veciñas de Oleiros**

“Expdte: 2023/EGFAB/000157

#### I.- Exposición de motivos

- A normativa vixente en materia de réxime local (artigo 25.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e artigos 80.1 e 80.2 n) e ñ) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración local de Galicia), establece que os municipios para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poderán promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.
- O servizo de comedor escolar é imprescindible para garantir o acceso de toda a infancia ao sistema educativo en condicións de igualdade, así como para permitir a conciliación do ámbito persoal, profesional e familiar de quen o necesite.
- O Concello de Oleiros ven abordando unha serie de medidas encamiñadas a facilitar o acceso das familias aos comedores escolares, destinadas a reducir os posibles obstáculos de orde socioeconómico que impiden ou dificultan o acceso a este servizo. Así, aproba unha convocatoria de axudas ás familias máis necesitadas, que tamén se xestionará este ano desde o Servizo de educación. E o Departamento de Servizos sociais tramita as axudas de emerxencia social ás familias en risco de exclusión.

Dentro deste conxunto de medidas, a través do presente acordo, o Servizo de Educación pretende dentro do presente curso, outorgar subvencións ás ANPAs que xestionan comedores escolares, para contribuir a reducir o custe xeral do servizo de comedor non financiado pola Xunta de Galicia, complementariamente á liña das axudas ás familias en función da renda.

#### II.- Circunstancias que xustifican as condicións excepcionais para a concesión da subvención:

- Tanto a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (artigo 22) como a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (art.19) establecen que poderán concederse de forma directa, *con carácter excepcional, aquelas subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.*
- Interes social.- A inflación sufrida a nivel de Estado por mor da crisis do COVID, a guerra de Ucraia e outros factores socioeconómicos, fixo que se incrementara exponencialmente no último ano o prezo dos produtos alimenticios, repercutindo enormemente en todos os servizos relacionados.

No conxunto de centros públicos de Oleiros só un dispón de comedor escolar xestionado pola Xunta de Galicia, que non atende dita necesidade nos demais centros públicos, deixando en mans de asociacións de nais e pais, que voluntariamente ofecen o seu tempo e esforzo, a atención deste servizo tan imprescindible.

A Xunta de Galicia, ao xestionar dos seus comedores mediante un contrato de servizos que abarca unha gran cantidade de centros, obtén uns prezos moito máis baixos que os que se poden aplicar nos demais comedores, xa que as ANPAs vense obrigadas a xestionar e negociar individualmente os prezos coas empresas prestadoras do servizo, e lóxicamente non acadan condicións tan favorables coma nos comedores da Xunta.

Por iso, coa intención de reducir estas diferencias entre os centros do Municipio, o Concello realiza unha aportación ás ANPAs xestoras de comedores para reducir o custe que se repercute aos veciños de Oleiros.





## CONCELLO DE OLEIROS

Todo iso coa intención e o interés de que a veciñanza de Oleiros que teña fillos e fillas facendo uso de dito servizo nos centros públicos que non contan con comedores financiados pola Xunta de Galicia, teñan alomenos acceso a algunhas vantaxes que reduzan as diferenzas entre centros neste sentido.

A medida beneficiará a toda a veciñanza de Oleiros usuaria do servizo, e será compatible coa convocatoria de subvencións ás familias para asistencia a comedor escolar que se ven facendo todos os anos, sempre e cando o conxunto das axudas obtidas por cada familia non supere o custe do servizo.

Xa que logo, plantéxase que as subvencións que se concedan ás ANPAs repercutan directa e íntegramente no prezo individual do comedor escolar que afrontan as familias veciñas de Oleiros que así llo soliciten á ANPA.

➤ A ausencia dunha convocatoria pública ven motivada porque as posibles beneficiarias desta subvención son todas as ANPAs dos centros educativos públicos de Oleiros que xestionan directamente os comedores escolares. Son un número pechado e determinado de entidades, e son as entidades legalmente constituídas e con plena capacidade para asumir a realización da actividade obxecto de subvención, e cumprir así a finalidade que pretende a concesión destas subvencións. Todas elas son posibles beneficiarias, sen exclusión, sempre que cumpran os requisitos que se establecen.

Asemade, non hai competitividade no reparto, xa que a cantidade que se concederá a cada unha das entidades beneficiarias será o resultante dun reparto proporcional do importe da partida en base ao número de alumnado empadroado asistente a cada un dos comedores escolares que o solicite e cumpra os requisitos, tanto do Concello coma da ANPA.

### III.- Antecedentes

1.- En data 07/11/2023 foi emitida Providencia por esta Concellería na que se dispoñía a incoación do procedemento para a concesión de subvencións directas por razón de interés público e social ás ANPAs que xestionan comedores escolares en centros de ensino público de Oleiros, determinando cales serían as condicións de ditas subvencións.

Dita providencia foi comunicada ás ANPAs afectadas, coa finalidade de que, en caso de estar interesadas, presentasen a súa solicitude nun formulario predeterminado dentro dun prazo que remataba o 15 de novembro.

Ao mesmo tempo, informábaselles do mecanismo que o Concello poñía a disposición das mesmas para colaborar na comprobación do dato de esteren empadroadas as persoas receptoras finais da axuda de cada ANPA.

2.- Dentro do prazo outorgado foron presentadas solicitudes por todas as ANPAs afectadas pola situación que serve de base a estas subvencións.

3.- Por esta Concellería solicitouse a emisión de informe xurídico, que foi emitido pola Unidade xurídica da Área en data 20/11/2023.

### IV.- Fundamentos

1º.- Xunto coas solicitudes, as ANPAs presentaron a seguinte documentación, que foi incorporada ao expediente:

- ✓ Declaración acreditativa de non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade.
- ✓ Declaración acreditativa de estar ao corrente nas súas obrigas tributarias coa AEAT, Seguridade Social, e Concello de Oleiros, e que autoriza a este a solicitar de oficio as consultas de atoparse ao día nas mesmas.
- ✓ Declaración relativa ao requisito previsto no artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1996, de 15 de xaneiro, de Protección Xurídica do Menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de Axuízamento Civil.
- ✓ Certificación da conta bancaria
- ✓ Compromiso de difusión na publicidade das actividades subvencionadas do carácter público do financiamento.
- ✓ Relación das persoas solicitantes que acreditaron estar empadroadas en Oleiros, así como o número de días que asisten ao comedor.





CONCELLO DE  
OLEIROS

2º.- Das solicitudes presentadas desprendense os datos que serverán de base ao reparto da cantidade da partida, e son os seguintes:

SOLICITANTE	Nº DE ALUMNOS/AS AFECTADOS	Nº ESTIMADO DE MENÚS DIARIOS AOS QUE SE REBAIXA O PREZO
ANPA BIDUEIRO, DO CEIP PARGA PONDAL	142	22.626,00
ANPA DO CEIP DE NÓS (JUANA DE VEGA)	120	19.186,00
ANPA DO CEIP DE MERA (LUIS SEOANE)	158	25.717,00
ANPA DO CEIP VALLE INCLÁN	122	19.853,00
ANPA MIGUEL HERNÁNDEZ DO IES MIRAFLORES	80	8.794,00
<b>TOTAL</b>	<b>622</b>	

En data 20 de novembro foi emitido o informe da responsable da Unidade Xurídica - que se incorpora ao expediente - no que se detalla o contido que debe ter o acordo de concesión e a normativa aplicable.

Incorporáronse asemade ao expediente as follas de cálculo polas que se determina o importe que correspondería a cada ANPA en función do número de alumnos/as interesados/as na axuda e o número de días á semana que van ao comedor.

Considerando que no presente curso 2023-24, os días lectivos son 176, calculouse mediante unha simple regra de tres o número aproximado de días ao ano que resultaría dunha asistencia de 4, 3, 2 ou 1 días á semana; así como dos que asisten cunha frecuencia fixa mensual, pero non repartida uniformemente entre todas as semanas. Non foron incluídos no cálculo, por non ser posible determinar a frecuencia, os casos nos que se sinalan os días de asistencia dun xeito que non permite efectuar o cálculo.

O importe que correspondería a cada ANPA calculouse en función do número de alumnos que se inclúen na solicitude da ANPA e nº de días total (que equivalería a un número estimado de menús individuais). Deste xeito, resulta que os importes resultantes por alumno e curso serían os seguintes, en base aos días de asistencia semanais, ou os equivalentes que resulten da asistencia periódica mensual:

Asistencia de 5 días/semana	118,94
Asistencia de 4 días/semana	95,29
Asistencia de 3 días/semana	71,63
Asistencia de 2 días/semana	47,31
Asistencia de 1 día/semana	23,65

3º.- Por parte da Unidade Xurídica foron incorporados ao expediente certificados positivos en vigor de que as entidades beneficiarias se atopan ao corrente nas súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e co Concello de Oleiros.

V.- Órgano competente.- Segundo o disposto no artigo 28.4 das Bases de execución do Orzamento, compete á Xunta de Goberno Local a concesión das subvención por motivos excepcionais.

Por todo o exposto, PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

**Primeiro.-** Autorizar e dispor un gasto de 65.000,00 euros en concepto de subvencións directas ás asociacións de nais e pais que xestionan comedores escolares nos centros educativos públicos, para a rebaixa do custe do comedor ás familias veciñas de oleiros.

**Segundo.-** Conceder ás entidades que se sinalan a continuación as subvencións que se especifican:

ANPA	IMPORTE SUBVENCIÓN
ANPA BIDUEIRO, DO CEIP PARGA PONDAL	15.290,56
ANPA DO CEIP DE NÓS (JUANA DE VEGA)	12.965,86
ANPA DO CEIP DE MERA (LUIS SEOANE)	17.379,49
ANPA DO CEIP VALLE INCLÁN	13.416,60





ANPA MIGUEL HERNÁNDEZ DO IES MIRAFLORES	5.942,84
<b>TOTAL</b>	<b>64.995,35</b>

**Terceiro.-** As condicións de ditas subvencións serán as seguintes:

**1.- Obxecto da subvención** .- É obxecto deste procedemento a concesión de subvención ás ANPAs de Centros Públicos de Ensino de Oleiros que xestionan comedores escolares, coa finalidade de reducir o custe ás familias usuarias do servizo de comedor que sexan veciñas de Oleiros. A totalidade do importe que se conceda deberá destinarse a dita finalidade, repercutindo directamente nos usuarios a rebaixa dos custes, non sendo concepto subvencionable ningún outro tipo de gasto relacionado co comedor.

**2.- Período subvencionable** .- O período subvencionable é o curso escolar 2023-2024.

**3.- Importe e aplicación orzamentaria** .- As subvencións directas outorgaranse con cargo á aplicación orzamentaria 82.3260.48900.

**4.- Coeficiente de financiamento:** 100%.

**5.- Compatibilidade:** Esta axuda é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade. O importe da axuda non poderá exceder de tal contía que, illada ou conxuntamente con outras subvencións ou auxilios que perciba o beneficiario doutras entidades tanto públicas como privadas, exceda do importe do gasto realizado.

**6.- Determinación das cantidades a outorgar.**- Unha vez recibidas as solicitudes das ANPAs, e avaliado o número total de usuarios afectados, a cantidade a outorgar a cada ANPA determinouse en base ao número de usuarios/as incluídos na solicitude da ANPA que sexan veciños/as de Oleiros e número de días de asistencia.

A efectos de que as ANPAs beneficiarias poda efectuar a distribución das cantidades que corresponderían a cada usuario/a, remitiránelles - xunto coa notificación deste acordo - os cálculos dos importes individuais en base aos cales se determinou o importe da subvención.

**7.- Pago** .- Efectuarase o pagamento anticipado do 100% da subvención concedida.

Non se efectuará retención da garantía por non considerarse necesario, ao ser as entidades receptoras doutras subvencións, para o caso de eventuais retencións.

**8.- Obrigas da entidade subvencionada:**

- a) Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o cal foron concedidos.
- b) Publicidade: A concesión da subvención deberá publicarse na páxina web das entidades beneficiarias desde o intre en que a coñezan.
- c) Presentar a conta xustificativa no prazo e do xeito que sinala no parágrafo seguinte.

**9.- Xustificación:**

- a) O prazo de xustificación –tendo en conta a natureza das axudas- rematará o día 31 de xullo de 2024 ás 23:59 horas.
- b) O orzamento subvencionado a xustificar será o importe total da subvención concedida.
- c) A conta xustificativa constará dos seguintes documentos:
  - ✓ Memoria da realización da actividade na que constarán os usuarios de comedor beneficiados polos descontos.
  - ✓ Declaración responsable do Presidente da ANPA de que os fondos percibidos foron destinados ao obxecto concreto para o cal foron concedidos e de que o importe da axuda non excede de tal contía que, illada ou conxuntamente con outras subvencións ou auxilios que perciba o beneficiario doutras entidades tanto públicas como privadas, exceda do importe do gasto realizado.
  - ✓ Declaración doutras axudas concedidas por outras entidades públicas ou privadas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade.
  - ✓ Acreditación da publicidade feita.- enlace á web ou redes sociais habituais da ANPA onde conste o importe





e finalidade da subvención concedida, xunto co logo do Concello.

✓ Xustificantes dos gastos realizados e acreditación de telos aboados. Estes xustificantes poderán ser os seguintes:

- En caso de que os descontos no prezo do comedor se fixeran efectivos mediante cheque nominativo.- copias dos cheques entregados e extracto bancario onde conste o seu cargo na conta da entidade.
- No caso de pagamentos mediante transferencia bancaria aos usuarios: extracto bancario onde conste o seu cargo na conta da entidade.
- No caso de pagos directos á empresa prestadora do servizo do comedor: facturas da empresa onde consten os importes descontados a cada comensal e xustificación do cargo na conta da entidade.

d) A xustificación deberá presentarse no formulario que se incorpora como anexo a esta proposta.

**Cuarto.-** O réxime de concesión, xestión, xustificación, control financeiro, infraccións e sancións desta subvención axustarase ao regulado na normativa estatal e autonómica sobre subvencións públicas, así como o regulado ao respecto nas bases de execución do orzamento.

**Quinto.-** A instrución do procedemento levarase a cabo polo Departamento propoñente, e a aprobación das xustificacións realizarase pola Sétima Tenente de Alcalde, delegada de Cultura e Normalización Lingüística, Ensino e Xuventude.

**Sexto.-** Ordear o pagamento anticipado dos importes concedidos.

**Sétimo.-** Notificar ás entidades interesadas e dar coñecemento ao Departamento de Contabilidade.

**ANEXO**

**XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN DIRECTA PARA A REBAIXA DO CUSTE DO COMEDOR ESCOLAR.**

<b>ENTIDADE</b>	
<b>CIF</b>	

<b>DATOS DO/DA PRESIDENTE/A DA ENTIDADE</b>			
Nome e apelidos			
N.I.F.		Teléfono/s:	

Como representante da entidade **DECLARO:**

**1º.-** Que foron cumpridas as finalidades para as que se concedeu a subvención polo Concello de Oleiros para reducir o custe ás familias usuarias do servizo de comedor, resultando acadados os obxectivos propostos.

**2º.** Que a concesión polo Concello de Oleiros de dita subvención foi publicitada do seguinte xeito:

Publicación do anuncio na páxina web da entidade : (copiar URL ou enderezo web)

Outros medios:

**3º.-** Que a subvención recibida do Concello para esta fin, por importe de ..... foi repartida entre o alumnado asistente ao comedor do seguinte xeito:

- Mediante cheque nominativo da totalidade do importe
- Mediante transferencia bancaria da totalidade do importe
- Mediante transferencia bancaria da totalidade do importe
- Doutra xeito (describir no cadro a continuación):





CONCELLO DE  
OLEIROS

--

**4º.-** Que o alumnado beneficiario final do desconto no prezo do comedor foi o seguinte:

<i>APELIDOS E NOME DO ALUMNADO</i>	<i>Importe recibido polo/a alumno/a</i>	<i>Custe de asistencia ao comedor durante o curso 2023-24</i>
		(.....)
<i>TOTAL IMPORTE XUSTIFICADO</i>		

**5º.-** A efectos de acreditación dos gastos acompañanse os seguintes documentos:

- ✓ .....
- ✓ .....
- ✓ .....

<i>Sinatura</i>
-----------------

Este documento deberá ser asinado electrónicamente pola presidencia da entidade.”

E para que conste expido este certificado de conformidade co que dispón o artigo 204 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro (ROF), de orde e co visto e prace do alcalde e coa advertencia á que fai referencia o artigo 206 do ROF citado e a reserva dos termos que resulten da aprobación da acta; Oleiros, asinado dixitalmente polo alcalde e por min, secretaria accidental, na data que figura na propia sinatura deste documento.-

